


DORNA



D O R N A



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© das ilustracións, Emma Pedreira, 2023
© Universidade de Santiago de Compostela, 2023
© Xunta de Galicia, 2023

EDITA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

ISSN 0213-3806
ISSNe 2340-0099

En cuberta As posturas do día, da serie Autonavegación, Emma Pedreira, 2023

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 45

2023

Director de honra: Ramón Lorenzo

Directora: María Xesús Nogueira Pereira

Comité de redacción: María Alonso Alonso, Jorge Rodríguez Durán

Comité asesor: Antonio López Díaz (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), Elías J. Feijó Torres (Decano da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Juan L. Blanco Valdés (Director de Edicións USC).

Ilustracións: Emma Pedreira

Maquetación: Isabel Argüelles, Imprenta universitaria

DORNA, Expresión Poética Galega
Departamento de Filoloxía Galega
Facultade de Filoloxía
Universidade de Santiago de Compostela
Campus universitario norte
15782 Santiago de Compostela
revista.dorna@usc.gal

DORNA PUBLÍCASE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



XUNTA
DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CREACIÓN

NOVA

Matádenme a un, que fín a unca



engastada
edn cada para selo

Emma Pedreira, *Diario bautismal dunha anarquista morta*,
da serie *Autonavegación*, 2023

Afra Torrado

reparei en que non lembro o teu corpo xa
hoxe pola mañá

teño, en total, tres lembranzas sobre ti
o teu corpo non forma parte delas
e non lembro Vigo contigo
e non lembro Porto contigo
e non lembro Allariz contigo

estou eu
e pouco máis

eu cunha francesinha vegana
eu cun kebab
eu cunhas patacas
(a última cea)

non comparto os vosos códigos
convértense en hostís cousas que non deberan selo

hai algo de súplica neste poema

déixasme caer onde caía
pero mírasme
e iso está mal

iso está mal porque o que queres é matarme

é desolador a cantidade de formas que hai de desobedecer a Deus
é esperanzador a cantidade de formas de desobedecer

camiño por un chan que non me pertence
sempre na busca da casa que deixei aos dezasete anos.

avemaría purísima sin pecado concebida

mentín

mentín porque si lembro o teu corpo
si que lembro o teu corpo aberto ante min

lembro o teu corpo e lembro a luz
lembro o teu corpo e lembro o lugar

un cuarto cadrado con apenas unha cama

mentín porque se borro iso que eu era
poderei coñecer a serenidade

ULA

Colle a poesía nun pensamento simple?
Pregúntome se a pode haber no literal,
fóra das figuras retóricas,
igual que a encontramos fóra das páxinas dos libros e das pantallas?
Ao pé da letra, pode habela,
abolidas as metáforas
ou calquera bonitura?
E fóra das referencias e das citas e dos libros de poesía?
Pode habela?
Pode habela aquí e agora
entre estas letras,
cando pola cabeza pasan
tantas cousas,
tantas outras cousas?
Pode a palabra cousa concitala,
cando o aire ten unha cousa
que se perde se un a conta?
Pode aparecer no simple,
só porque se procure?
Ula?

Alexandre Nerium

VEXO o mar arborar. O mar relasca
no cantil onde apenas xorde a vida.
Un mar sen mar que o océano dubida
que arribe doutro mar, doutra borrasca.

Sen paz no seu andar. O mar encasca
feble sedela e o piche tingue a brida.
Calafatea o mar certa ferida
que o pez cicatrizou canda a carrasca.

Vagas de mar avivan destrutoras
cubertas de agonía dos invernos
como crebas de náufragas demoras

nun cabalo de mar que abre os infernos
abarloado ás aves predadoras.
Arde no mar o ar para esquecernos.

Ós náufragos do palangreiro «Bonito», In memoriam

VARAR por mor da luz de Mar de Fóra
Atalingar do anzol a azul vinganza
Carenar de alcatrán sal e esperanza
Halar
 Erguer do mar a dor da ardora

Acoderar os temporais de outrora
Vogar até o confín
 fugaz tardanza
Empatar o solpor á espiral tanza
Desafiar o ar sen máis demora

Contumaz suspirar
 Os tres á tira
Por que anoar matafións co norte?
Dos cons desaferrar a vil mentira

Talvez marcar tras do compás a sorte
No Gurgullo voraz a voz expira
Por estribor
 sotaventar a morte.

AMAR amor o mar na soidade
ó ver vir a raxor
 Sentir o argazo
acariñar os pés
 No azul espazo
abordar a avidez da tempestade

Amar amor o mar na adversidade
Sen rancor arrostrar o cru bandazo
Da convicción senón vencer o angazo
Vestir de cor do ar a escuridade

Amar o mar no atardecer prohibido
encol daquel talvez so da rompente
Bater de luz nun corazón fendido

Amar o mar no desamor latente
co amargor que a augamá deixou esquecido
por navegar de seu contracorrente.

NON hai solaz no mar

Ver de gamela:

Fondear na ilusión a inxel poutada
Sentir na pel a atardecer trabada
Pudor do sal na intemporal sedela

Non hai solaz no mar

Drizar a vela

de dril

As ás no ar tras da bancada
Agardar do cachón a fiel calada
No albor aloumiñar a gradicela

Non hai solaz

Tan só do calamento
izar a extenuación pé da regala
sen deixar bagarán a barlovento

Non hai solaz

amor

A luz devala
por soportar a dor do abatemento
se no peirao a submisión recala.



Modrament:

repetita todos in vida

Todos os momentos

Que non deca en este pathincho

Emma Pedreira, *Grimorio*,
da serie *Autonavegación*, 2023

Poema desarraigado

Tronzado por memorias de exilio
por camiños de lama e area
este poema procura un lugar no que arraigarse
con acougo e sen medir os pasos
arelante de novas paisaxes
de novas apertas e novos agarimos.
Unha palabra pequena,
leda de ceos estrelados
que rache as costuras
na que resoen mundos e bolboretas.
Palabra desapropiada
de cálculos de interese,
onde non se garde asento
a críticas e rexoubas.
Palabra que sexa
do todo e do baleiro,
de xoldra e de retranca
e de berce encantado
que naza do efémero
daquilo que non ten
lugar onde arraigarse.

Muller espida

Unha muller observa
o seu corpo espido
nun espello

e contempla
o cabelo
caendo en borbollóns
as liñas indefinidas
da pel sobre o baleiro
as pernas
áxiles e altivas
erguidas cara ao alto
a cadeira
que sostén e arela
o seu ventre
abríndose ondulante cara a fóra
o desexo
que quere desbordarse
mar adentro
os fluxos de amor

E sente
a imaxe que lle devolven
os ollos dos outros
a ollada esculcadora
que contén e encerra
que fere e ameaza
a mirada apropiadora
que quere apreixar un corpo alleo
as palabras
cravándose na carne
a sospeita e o medo

E mide
a contracción dos músculos
o volume dos seus peitos
a distancia en pasos que a separa
do roce doutras peles

o peso dunha man
sobre o seu ventre

Unha muller observa
o seu corpo espido
nun espello

Antía Otero

A lebre que corre polo sangue
envellece
pero eu aínda non rematei de medrar

cando ela morra unha nova ocupará o seu oco
escavarei un hipoxeo
medrarán as hedras e os lirios.

Doce exemplares farían falta
veloces e tímidas
para cubrir a liña dunha vida
o reflexo da ventá neste ollo azorado

tamén un salto

a resistencia da estribeira

ningún epílogo.

E se na casa non se cazaba por que non deixei de oír disparos?

a pota ferve
o vidro ampea
as burbullas son promesa dunha esfoladura.

Acaso non sentides tamén vós o tremor na pupila?
Acaso algunha vez non fostes tamén vós
unha fonte común de carne,
un corazón cinético acurralado nun xestal?

Cada fotograma rexistra o esforzo animal por unir
dous cumes
no aire

unha paréntese tirante entre extremidades.

Na demostración límite
a especie comprende a súa forma vulnerable
capta a presenza do inimigo

nun acordo tácito
dálle o lugar que merece á ameaza

como quen contén a respiración
coloca unha cadeira máis á mesa
serve o mellor viño
e forza un corchete ata prender
sen chorar a rotura da tea

sexa estopa ou satén.

Miras o teu corpo ermitán na primeira luzada

nos brazos tes o recordo dunhas patas afoutas
no tremor aínda palpita o instinto do campo aberto
repasas un manto de gramíneas e certo olor a sabana
-como pode ser se nunca estiveches alí?-

percorres a espiña dorsal, cada vértebra coa súa puga

por un intre sentes que podes alcanzar a velocidade
-manter incluso a elegancia-
mais non tardas en detectar mancaduras na epiderme
o esforzo do impulso
as consecuencias da decisión.

Sabes que pasaches toda a noite fuxindo

tes un rastro de pólvora na fronte que antes
albergaba unha liña negra desde a cornamenta ata o bico.

A calma do cuarto na mañá
o tempo maino da primavera a través da fiestra
o canto rítmico dos paxaros
non casan ben coa ondulación esquiva da túa vertixe
pero tentas a sorte

na ausencia do depredador
tamén ti, gacela,
traes o pasto á boca
e rumias.

Os tres poemas foron escritos en 2021 para o proxecto expositivo
«Lebres coma gacelas» coordinado pola Deputación de Pontevedra,
e dialogan con tres fotografías do artista Fran Herbelo.

Baldo Ramos



Cruce de camiños

as tintas que se atopan onde o poema agoniza.

os fluídos que se recoñecen,
que se reconcilian coa verdade indemostrable.

do corpo nace un río de tinta
que baixa polas canellas da noite
ata dar cuns ollos
que xa non te recoñecen.

nesa luz pacen os cervos do amencer.

o sangue dilúese no tempo que avanza como lava morna.

os dedos tismados cos últimos rescaldos do desastre.

cofear a palabra que aínda non ten forma.

moldear o seu silencio para axudala a nacer,
para que encha o baleiro líquido que non chega a conterte
e que nunca desemboca.

relanço de augas toldadas que espera as chuvias de setembro.

esta voz deshabitada.

o azar é un refuxio.

os filamentos da palabra medran no interior dese baleiro.

fertilizan o desenlace.

reconducen o río da fábula.

*esa palabra líquida que desemboca na mudez
mentres os tinteiros da noite se xean
para que o teu corpo resista.*

de portas a dentro a linguaxe é un habitáculo comfortable.

apélanos e desméntenos.

arrecúnchanos ata sentir a necesidade de desaparecer.

espéranos á beira do precipicio.

onde morren as palabras.

a miña man recoñécete

Branca Trigo

Bestiario en seis viñetas

Unha compañeira de clase está a trezarme o pelo e a contarme da infección culpable de que falte a profesora. A profesora na súa casa apreta un tumor intentado metelo de novo na cabeza aínda que doa. Para que non se vexa. Para que non se vexa o pelo sucio a miña amiga trenza e ten dedos pegañentos de a saber. Dóeme a cabeza cos tiróns e miro atrás. Non hai ninguén. Quero pensar que foron eles.

Paxaros: Non ser nunca esa muller enferma que namorou do vento.

Só un ángulo que significa moitos igual que moitos ovos deixan casca de moita soidade igual que moitos fíos entre dúas árbores dan só a sensación de estar aí para manter unidas esas árbores e que non caian aplastando un neno loiro igual que moitos ollos miran fixo o neno loiro igual que moitas patas arrincadas por ese neno loiro dan fe dunha violencia inmensa e involuntaria.

Araña: Cada articulación trae unha escordadura.

A realidade é insuficiente estigma estómago. Magical girl detida na fronteira. Desarmada da súa femi- nidade. Desalmada de toda a súa maxia. Fendida. Todo o que agro- ma do interior fai vomitar aos po- licías. Se a vítima puidese pensar algo pensaría fuck the police. Porén, o non poder pensar é o dano últi- mo na creación da imaxe. Make up!

Porca: Tomade e comede todos dela.

Unha liña. Prometo que é a última abstracción. Unha liña que separa dous espazos en branco. Todo o que nos rodea está en branco ou é raíz. O que nos atravesa é outra cousa. Trae veneno. Prometo que é a última abs- tracción.

Serpe: O seu corpo é unha fronteira.

Os coágulos turquesa forman ondas sobre a lúa porque hai lúa aínda que non estea na auga e baixo ela baixo ela se miras desde ela existen ondas que están e non están na auga. Se miras desde min os coágulos turquesa forman ondas sobre a lúa e ao meu redor raíces o redor non se discute ao meu redor raíces rezan. O que implica unha raíz. O que implica un rezo. O que implica un mais alá da auga.

Urodelo: Os coágulos turquesa forman ondas sobre a lúa perfilando o que implica unha raíz.

Un erro de arquivo no matadoiro trae consigo a dúbida de a que especie pertence cada anaco e agora puidemos ser calquera. Sospéitase de terrorismo ecolóxico e de terrorismo antiecolóxico. Sospéitase da individuación da carne. Sospéitase dunha traballadora que resulta ter xenreira ao encargado por acoso ou algo así. Sospéitase dun hacker. Sospéitase da individuación da carne. Sospéitase da familia doente dos animais mortos. Do espírito doente dos animais mortos. Dun estertertor doente e lucidísimo dos animais mortos. Sospéitase da individuación da carne.

Policía: "Identifíquese".

Redimensión

idealizar o xenuíno coa paixón dun iconoclasta
denota un punto cego no discurso das autoras

eu prefiro ver
como con cada imaxe
son un pouco máis eu mesma

(A xogadora mírase. A ela mesma. Construíndose. As palabras “Crea o teu personaxe” determínana na parte superior esquerda da pantalla. Incómoda, vai mudando a postura. O peso a un pé e ao outro. A man no van. A man en van. A man en van buscando. Van buscando as liñas da súa pel a cor precisa que imite as pegadas da violencia.)

dactilarizo o terreo estendendo as marcas espiradas das falanxes
apertando con elas o pescozo
deste corpo
son os cables un vestixio
deste corpo no que din en ser humana
son os cables un vestixio
deste corpo
veas pelo longo intestino esófago engurras
son os cables un vestixio do futuro

escollo a pel violeta para reivindicar
os hematomas
reflectindo cada golpe que sufrín e sufriremos

(Decide agora o xénero: “home” ou “muller” ou “outro”. E sempre nesa orde. Atérrase do moito que depende desta escolla. Das pontes que derruba. A orde seguinte “personaliza a túa complexión” implica un dano extremo na autopercepción da xogadora. Fai scroll arriba e abaixo e o seu corpo engorda e adelgaza ao mesmo ritmo sen comidas familiares nin ximnasia nin atracóns nin dietas. Sen facer unha lasaña de portobello e queixo de ovella e sen vomitala en silencio trece minutos despois.)

baixa baixa baixa
ata chegar á dimensión perfecta

ata ser fronteira coa ruína
ata ser casca

baixa baixa baixa
ata chegar á dimensión perfecta
ata ser fronteira coa ruína
ata ser casca

("Engadir marcas corporais" cicatrices tatuaxes pencas, un rito de paso á idade adulta que sitúa o avatar nun futuro tan irrecoñecible como só pode ser o futuro. A roupa postapocalíptica. O peiteado desigual. Todo fai do desastre un deus amigo. No xogo sempre se prefire o sentido moderno da palabra traxedia.)

venero a imperfección perfecta dos vectores

quedo a vivir no centro da pegada
onde o mundo coma min
é estranxeiro

atopo as caídas
o cable estrangulado
que percorren as meniñas cando aprenden a falar

nada ten nome aínda no vestixio
e así constrúo un novo planeta de fronteiras

noutro idioma constrúome
bordo da mácula
necesaria na palabra que coagula

constrúome traxectoria
do apodrecer o ovo e o paxaro

constrúome animal desafiante

constrúome
e o nome nace morto

(Acadouse o límite de extensión. Non se admiten símbolos ou caracteres especiais.)

Branca Trigo, texto do conxunto *Poetry Sniping: Simulacro*

Cal é a forza do teu arco, Xiganta?

Unha curvatura imposible de cobizas e desexos.
Es a maior e máis vella de todas as que foron paridas na túa estirpe
para sinalar a caza pero tamén a dirección.

Cal é a forza do teu arco, Xiganta?
De frechas producidas en masa
estilo piscifactoría.
Forxadas do mesmo material escuro
co que foi construído o abismo.
Esta frecha de beira de cantil
que se abre á famenta boca dentada do horizonte.

Canto demorará a velocidade do sol en alcanzarme?
Se acaso é xusta esta forma de cadencia,
de contrato verbal a piques de cumprirse.
Prometiches tantas cousas
que son reducidas agora a: deixarme caer.
Deixarme onde caía. Coa costela a facerme unha peineta.
Son unha pomba devorada.
Unha colección de lobos famentos.
Parece agora tan prometedora a posibilidade dun mundo somerxido.
Tanto ten a súa antigüidade.
É unha forma experta de comezar
e eu quero estar contigo.

Consegues verme?
Porque eu a ti non.
Onde estás?
Branca? Branca?
Onde estás?
Branca.

Pablo Rodríguez, texto do conxunto *Poetry Sniping: Simulacro*

Carmen de Milmanda

ímonos abandonando

coma as aldeas
máis afastadas das cidades
aldeas que xa non saen

nos mapas
ou que deixarán de saír
algún día,
cando xa non se impriman
calendarios

nas aldeas máis afastadas
das cidades
vellos e novos asinaron un acordo
non recoñecido
por ninguén

pactaron que os novos
desaparecerían
e os vellos tamén

os novos esvaeceríanse
no medio das vilas,
das capitais,
convertidos en formigas

os vellos evaporaríanse
no medio do silencio,
confundidos co fume da leña
que arde nas súas cociñas

uns e outros
agochan as mans nos petos
mentres aran as xornadas
e van deixándose as palabras
mentres afofan os reloxos

entre as almofadas


e non din vida
por aforraren cuspe,
e non din morte
por aforraren mágoas

uns e outros
van abandonándose
coma as espigas
que apodrecen no agro,
coma as mentiras
que perden pé
nas despedidas

ímonos abandonando
coma as aldeas
máis afastadas das cidades
mentres buscamos aliviar,
mirando para outro lado,
os buratos das feridas

--

'god's in his heaven. all's right with the world'
(robert browning)



Emma Pedreira, *Corpo*,
da serie *Autonavegación*, 2023

(tres enumeracións, transcurso e coda para o xardín de caxigueiro)

I

desde a casa até o río
o xardín é paisaxe

ou a enumeración das cores das camelias

II

igual que ven os inuit
tantos matices de branco
e existen de noso
moitos nomes para a chuvia
terán os orientais
un catálogo exacto
de matices de ocre
para as follas dos pradairos?

III

cada un dos camiños
trazados nos fentos
é unha cartografía do húmido

IV

e os pasos
na superficie mol

o roce frío das polas
e o eco da auga no fondo

o rego que separa
os soños da vixilia

V

somos
a sucesión das pezas
que imos chantando na terra

na fotografía da paisaxe
fican no chan
as marcas

Sempre no exilio

Na lembranza de María Casares (1922-1996)

Estou pensando...
E nós, ¿qué somos?...
O silencio e mais eu
ficamos calados
artellando ensoños
fanados...

Avelino Díaz, *Pallaregas* (1963)

I

Quizais un denso recendo
a argazo daquela infancia
(feliz), puidese invadir,
María, nalgunha pausa
do serán fuxidío e
da noite escura (da alma),
as falsas imitacións
do teu vello lar. Na chaira
de Castela, o primeiro;
nun Madrid hostil que abafa,
alleo. Sobre a terra erma,
fría e sombriza, chantada;
baixo un ceo infinito,
implacable. Desgonzada.
Co exilio nas tenras costas
navegas; mais na distancia,
Plutón axexa. Que a sombra
mesta, meniña, os dramas,
transformen a túa vida
nun fardel de esperanza.

II

París, rúa Vaugirard.
Como unha aberta agra,
un lar colectivo ampara
o exilio: segunda tanda.
Nos beizos e verde ollar
Montrove, cuncha salgada;
Villa Galicia, o pazo
dos veráns, xa liberada.
Bastiagueiro, luz e sal
mexen a area da praia.
Desde a rúa Panadeiras
buguinas ecos espallan.
Nas beiras da orfandade,
memoria que se traslada
de Montparnasse a Asseline,
de inmigrantes rodeada.
Do rebumbio parisino
a marea lambe as lastras.
Camus, un amor esquivo
perdido na madrugada.

III

Premios e moita soidade,
María, teu colo engarzan.
Soños de terra e area
(de lonxe), nun bote gardas.
As pezas de Sargadelos,
omnipresentes na casa;
libros de xente galega
que, coma ti, foi exiliada.
Na biblioteca esencial
esas galerías brancas
do azul porto da Coruña,
embarcación afastada.
Este lar definitivo
acariña a retirada;
acougas en Alloue
das túas vivencias ama.
Rosada, caos leitoso;
carballos na mesma entrada,
silencio e serenidade
en La Vergne recobrada.

SERIE: CONTINUOS NATURAIS LINGÜÍSTICOS

ATARDICIR

“E”F”E”RV”E”SC”E”NT”E”

CASE CASA

ATRASA

SOLT O
RE SOLTO

BUS CAR

TEN PÓ

A PAREDE DESA PAREDE

O CEREBRO MENTE

DIXECHES

Dixeches: vén a noite
e eu non teño que facer na casa.

Irei do teu luar
ao teu baleiro
tránsito azul
por entre a néboa
dos teus ollos cegos.
Percorrerei o val da luz
aberto á espuma
os bosques de canción
e de sombra
o río teu
sosegado de veas e palabras.
E non me perderei
porque nacín das túas raizames húmidas
do silencio feliz
na flor dos días
na sorte de ter sido de ti.

A andoriña
vai tecendo a mañá
cos seus chíos de rosa
persegue insectos
como mariscadora de nubes
calceta calores de estío
sabe cantar e canta
sabe beber e bebe
sabe que eu a agardo
coma relampo de vida
sabe que as súas cores
son estandarte de luz
e pousa no tendal
no que remata o abismo
gústalle ollar ao leste
por onde o día voa
e canta a canción da alborada.

A andoriña
vai e vén como quen vai á fonte
e nos camiños
anuncia amores
inventa xeometrías
constrúe o niño
nun latexo de barro
e non precisa cristais
para ser feliz.

A andoriña
soño de auga e vento
vaise co outono
polas ondas da ausencia
ten plumas como leme
e un aire soñador
de xeografías futuras
quizais regresa
porque hai lugares onde a aman
ou porque unha mañá gravei a súa voz de espuma
e aprendín con ela
como se abre o día.

Poeta de acción (de grazas)

Ningunha queixa teño da fortuna.
Hai un anxo de luz a mirar nos teus ollos
e o orballo no érbedo está por falar.
E quen saiba entendela,
a nada que se esforce,
terá nas mans o gozo do efémero tesouro.

Deixa que caia, pois, sobre a tenra humildade
requemada e sedenta das nosas epidermes
o prezado elixir da alegría pluvial.
E ardan na voz incendios de noticias fermosas.
No agarimo da enramada
fai o seu tobo de certeza o soño
e acolle no colo a calor do teu corpo
amigo e inmediato,
que sabe de coro os meus nomes ocultos
e gusta dos disfraces
con que damos en espirnos.

Co fío das distancias que nos afastan
tecería un trasavó a trela do bisonte,
a viorta dos feixes, o adival da forza
ou o cabo que amarra a miseria ao peirao.
Mais nosoutros, perdido
xa de vez o camiño
que vai da Arcadia á casa,
contruímos inxenuos un adorno floral
coma un castelo de aire na rocha do optimismo
e soñamos que se abren as portas do misterio,
así calcine agosto o indefenso cenceno
ou a neve nas tempos dance un tango cruel.

Que se vés cara a min,
as árbores axitan as pólas ao teu paso
como aves alegres alzando en desbandada

un voo cara ao lugar luminoso do rir.
Por iso mesmo digo que non podo
queixarme da fortuna.
Mais cruzo receoso e a furto estes meus dedos,
fago que fago a figa, figúrome en fuga
e espero que nunca, que nunca se acabe
o milagre do amor. E o resto vai de seu.
Que o que non é amor é pura fantasía.

Uvas maduras na parra da casa baleira

Pos o pé manseliño na soleira da casa
e saen a recibirte mil certezas antigas
e un segredo que case alcanzas a entender.
Pois é quen a paixón de afirmar os esteos
que terman do futuro, entusiasmos maiores
son cobertor de estrelas a madurar nos acios
do misterio gozoso que ofrece a cepa mestra
do emparrado da porta da casa dos avós.
Achegas o teu labio e acontece o milagre
e por un intre volves a unha tarde da infancia
e o corazón do mundo é lugar de alegría.
E chega de saudade.

Abonda co desexo para extraer dos días
a fariñiña munda que con afán amasa
a petada lexítima da íntima fornada.
Tal cal. Pois que se hai broa
comunal e fraterna escusas máis compango.
Abonda con querelo para que na canella
agurgulle outra vez aquel rumor de auga
que pon en movemento rodicios e vontades.
Abondará coa ansia de mantermos en pé
os obstinados muros onde buliga a vida
contra a xistra e a neve e os oprobios do inverno.

One eraridade lei por dentro.
One
eraridade Dentro



Blue and green (at
each). Please do not forget it will be
packed. A beautiful and lasting present.



& COMFORTABLE

126, Regent Street, W. 30, Sloane Street, S.W.
458, Strand (Charing 115, Victoria Street, S.W.
Cross), W.C. (Six doors West of A. & S. Stores)
85 & 86, Cheapside, E.C.

Illustrated Price List (No. 10) and Patterns sent Free.

CAUTION! To checkmate the
on each

DRAWING
GARDENS,
LONDON, S.W.5.

A Sketch purchased by us from
an A.B.C. Student.

One eraridade

Emma Pedreira, *Velenarias*,
da serie *Autonavegación*, 2023

VIAXE E PERMANENCIA

I

ÁRBORE IRMÁ

Eras antecesora, soubéche-lo e erguécheste
deixando asegurados os pés baixo da terra,
endurecendo a pel para afrontar os baques
e abrindo os brazos á fraternidade.

Nada sería igual se ti non foses,
árbore irmá.
Perdería a paisaxe a inmensa cabeleira de frescura
na que aniñan paxaros, medran froitos
que puideron saír do paraíso
denantes de perdérmolo,
porque eras unha dádiva do Edén.

En ti aprende a chuvia
a amainarse no chan seguindo as veas
que distribúen sangue de mantenza.
Por ti pode a paisaxe
calmar o ardor do sol e tender liñas
harmoniosas no espazo da beleza
vizosa, osixenada.

Quen ouse rabenarte será un fraticida,
se non repón o pé.
Tamén será un Nerón que plante lume
á túa arquitectura irrepitible
carbonizando a vida que desprendes.

Que quen pretenda ouro
da túa destrución deixando vouga
e desértica a terra que arriqueces
reciba o cruel castigo de non poder mirarte
nin calmar as asuras que alapean a sede.

II DIÁLOGO COA SERPE

Díxome a serpe:
-Abandona o avesedo
de soutos e carballos
e vén pola mazá
que agarda no sollío.
Come, dá de comer,
e farta no reparto
as bocas que se abran.

Eu desobecín.
-Garda a túa lingua
para atraer luxuria
en tempos de luxuria.

Ninguén me vai sacar
dos soños do avesedo.

ANDAR DE RÍO

Ser río que paríu o manancial
nun prado de narcisos,
que a primavera borda nos Ancares.

Escorregar pola esmeralda amante
das saias moles onde se oe o canto
dos galos cegos que por amar quedan
sen o sentido de fuxirlle á morte.

Pola rosa da serra deslizarse
tal como fai a chuvia
bicando pétalos de calcárea azul
e lambendo raíces de árbores sen idade.

E vir traer as augas
lonxe, ao mar do poñente
a mesturar o sal
con toda a señardade da nacenza.

ESPIRAL DOURADA

O noso afecto percorrendo
a fachada do Partenón
para que sexa infindo
como prometeu Fibonacci.

A nosa benquerenza deambulando
pola cuncha do caracol
para que sexa infinda
como prometeu Fibonacci.

O noso desexo buscando
cada estigma do xirasol
para que sexa infindo
como prometeu Fibonacci.

A nosa luxuria soando
nos compases de Debussy
para que sexa infinda
como prometeu Fibonacci.

Os nosos fluídos escorregando
polas follas da suculenta
para que sexan infindos
como prometeu Fibonacci.

O noso amor transmitíndose
de cazapo en cazapo
para que sexa infindo
como prometeu Fibonacci.

Prégocho.

Non derribes o Partenón.

Non esmagues o caracol.

Non arrinques o xirasol.

Non raches as partituras.

Non seques a succulenta.

Non caces os coellos.

Non permitas que o noso amor
deixe de ser espiral dourada
para que sexa infindo
como prometeu Fibonacci.

José Francisco Varela Rial

romperse

a cota doutra paisaxe
sobor da forma do teu nome
formigar dun novo alento
no eco de tódolos pasados
sumerxirse no descenso
do nivel das pozas

ro mpe r se

luz que atravesa febras de auga
e se desfai nos seus segredos

e
r m p e
o r
s

pura química derramada

sentirse así
corvo mariño
esfameado

sen entender como
non se deixan atrapar
as sombras dos peixes

tan dentro
a dor dos espiños revela
tamén están aí
os gromos das chorimas

Tempando como animais cegos

na hora das horas - an' personar

circunoribindo unha espanta



o lugar da vida

o p' do

Emma Pedreira, Os cadenos d' mar e os velenos, da serie Autonavegación, 2023

Elexía o escultor Xoán Piñeiro

Sulagouse a noite
cos teus ollos pechados.
Sulagouse...
Teu corpo espido
parece unha noite longa
pechada nun cadaleito.
As tebras volvéronse brétemas
a ilusión enfeitizouse pranto.
No intre dun silencio
pendura...
todo canto se pensa
todo canto se arela.
O derradeiro badelazo
crispa ó silencio.
Cen olladas te miran
cinguidas ó tempo
unha campa verde acóllete no seu seo.
O murmurio do vento
chora polos penedos
e o sepultureiro
dáche o derradeiro adeus;
co mesmo martelo que un día
fixeches ti de canteiro.
Cen olladas te miran
cinguidas ó tempo
o murmurio do vento
chora polos penedos...

Laura Camino Plaza

nós
contra a noite
trememos
e dentro do peito contemos
a respiración
e a noite toda

a noite toda fragmentada sobre as nosas cabezas flor de loto

penso
nas teselas dun mosaico dunha cidade
que visitamos sendo outros
cando aínda eramos nós

agora
o frío
agora
que xa non nos coñecemos, escribo
sobre as distancias
unhas ás que se abren á vida e á morte
(que en certo modo tamén é vida)

así é como calculo a onda da túa voz morna
que está colgando entre os meus peitos
un espectro de frecuencias que ole a leite e a marmelo
frío

ninguén nos vai salvar deste incendio: fomos libres
de habitar unha casa de madeira.

*

son eu e son aquela, tamén aquel
son todas e todos os que camiñaron polo meu corpo

moldeastes o meu corpo de barro quente
apurando os tempos da carne (todos saben que o barro frío

é indómito) que non son os mesmos
que os tempos do corazón: je (t')aime, je (te) hais, tu me manques (pas)

*

Aprendo dos novos ritmos
que deixei que me asolagaran
procuro
desfrutar da lentitude de sandar (de dentro para fóra)

monicreques bailan mentres tanto ao fondo do salón
na caixa de pino que lles construíñ
aquele día
que me falaches de crear espazos onde durmir segura

sigo vivindo a dúas paradas de autobús de todo aquilo
que sempre quixen ver e ser

sigo
e no meu camiñar figúrome unha serea de peitos grandes
e beizos limpos

así me encontra, extasiada, o romanticismo
das ruínas e dos fragmentos
unha abstracción, cada noite.

*

a noite toda sobre nós
que somos nenos e nenas
de boca sucia de cacao e leite
os seos reverberantes
así, respiramos.

Lois Pérez

A ombros de xigantes

Central Park

pérdome e encóntrome
na quietude o mesmo camiño
himnos mudos desfilando
algo parecido á redención
nas paisaxes familiares
na queixa informe do tempo
o neno apóstolo respira
a brisa infalible
a distancia orlada
de sombras quedas
todo permanece sen nós
exequias breves nenez arrestada
o deambular das horas-latexo
nubes penduradas da indiferenza
baixan dende a 149 do Harlem gastado
os ollos do rapaz fálannos agora
da escura cordilleira desafinada
percórrea por baixo da terra branca
están aí as bágoas dos seus ollos
enchen o lago desafían o metal da tarde
son ecos dos trens de sangue
rúas de prata nos sepulcros da fronteira
a area oculta os ósos dun neno
os paxaros acompañan o naufraxio
máscaras lacrimóxenas no sex shop
ninguén o viu pero está o nazismo-pop
o ruído definitivo de Broadway
SOLD OUT nos seus ombros negros eran mar
cargaba a esperanza descoñecida
ninguén escoitou
guindastres do infindo ao pé da auga
ninguén escoitou

New York, 18:32 h (xullo de 2019)

Marco Bravo

Unha noite de verán, paseando pola praia,
un neno preguntoume:
«Por que as estrelas non caen ao chan?»
Tampouco eu o sabía. Os libros non falan das estrelas
e ninguén descubriu por que dormen alí arriba, tan afastadas;
elas naceron antes que todos os nenos do mundo.
Dirixín a vista ao mar
(ese prato de sabedoría afogada durante séculos)
na procura dunha resposta,
pero só me amosou un reflexo e o eco das profundidades do océano.
Pasou un instante de silencio
e por fin
unha estrela murmuroume ao oído a palabra *Poesía*
e todo cobrou sentido.
«Porque están pintadas sobre o ceo cun óleo de luz

díxenlle ao neno
fíxate ben, non o ves?»
E ollou de novo e sorriu, porque desde aquela noite
o firmamento sería para sempre un brillante lenzo azul.

Vivín alí quince anos.
Como non lembralo.
O valo do cortello seguía aberto
e os insectos remexían no aire o olor a fariña do muíño.
A min gustábame ver que os paxaros viñan vivir ao meu tellado
e mentres os observaba, pensaba
que aqueles animais buscaban a calor,
o afecto que non lles daban as árbores silvestres, e o color
das lámpadas que iluminaban desde a ventá os seus niños.
(Parecíanse a min.)
Outras veces, cando os muros respiraban a frescura do serán
e as laranxas de chumbo se estrelaban sobre a herba mollada do outono,
pensaba,
cun vaso de leite nunha man e cun saco de esperanzas noutra,
pensaba que aquela sinfonía non remataría nunca;
así un día, así outro, e outro, así
sempre,
pero só quince anos.
Agora escoito aquela música, mais son xa distintos
os cheiros, as lámpadas, as laranxas.
E a pesar do tempo, todo permanece intacto
e as aves seguen a construír os seus niños
naquela casa de pedra,
naquela inocencia dunha vida que xamais pensaba morrer.

Marilar Aleixandre

leiteira sen nome

(dunha foto de Ruth Matilda Anderson, Noia, 1924)

ninguén preguntou o teu nome

a ninguén lle importou o teu nome

a túa vida

porén a túa voz anónima

atravesa o século,

fala o teu grito mudo

silenciando

manuais de historia

nena leiteira

unha de tantos ninguén

non haberá poema

que faga xustiza á túa voz

aos pés manchados de terra,

á terra escaravellando baixo as uñas

baixo a pel,

aos pés descalzos

malia o frío

non hai poema,

só liñas esbarranchadas nun papel,

que dean conta

do teu vestido roto

sucio

leo: non hai auga

leo: o teu único vestido
se o lavases ficarías núa

inútil a procura do poema
non hai palabra que iguale en precisión
as túas uñas rotas,
as catro voltas do mantón
—a nai conxurando o frío—
o frío na cana dos ósos
a terra dentro da pel

e só un ouleo se compararía
á desesperanza na túa ollada

saberes insurrectos

il s'agit de l'insurrection des savoirs assujettis.

Michel Foucault

sei cousas que non sabía que sabía,
de pronto son enxame, caen sobre o meu corpo
abellas bisbando ao abrir o cortizo

sei que só escribindo a lapis
as etiquetas que mergullo en auga
ou formol
sobre pequenos cadáveres
non se borrarán en cen anos;
sei que as manchas de sangue
menstrual ou de crimes
deben lavarse en auga fría
ou perdurarán eternamente;
sei que as follas de loureiro
son narcóticas
úsanse para capturar bolboretas
sen esmagalas,
–sabíao o señor don Nabokov?–
ou para cuspir vaticinios en Delfos;
sei que a carne aínda pegada
aos miúdos cranios e ósos
tírase cocéndoos cun nadiña de sosa
cáustica
no mesmo fornelo onde faciamos té
Suso e mais eu;
sei calcular cantos centos de patos
hai nunha lagoa
se queda algunha
que non secou;
sei fabricar unha impresora de xelatina,
vietnamita,
ensineino no instituto;
sei perpetrar panfletos
así aprendín a escribir;
sei como argallar chuvias de propaganda clandestina

desde os tellados
enrolánda, atada cun cordel
cunha pinga de ácido sulfúrico

relacións inextricábeis
entre tempo, tinta, fluídos, velenos,
saberes insurrectos
de baixa condición

(do libro en proceso *Terra baixo as uñas*)

en un sui escribir



(vini
mentar)

véis
pe

Emma Pedreira, Casa de orfas,
da serie Autonavegación, 2023

a nen
E a
mornia

A Pontragha

Con case noventa anos, de engurras rostro e mans miúdas que arrecenden a pan de broa, fincas no teu caxato a carga do tempo inexorable, ergues a ollada cansa, noutrora pillabana, que esculca interrogando nas pedras da estación.

Só se escoita a cadencia do Lengüelle, monótona e fermosa salmodia das augas que se van, como a vida da xente, como o bulicio ledo da cantina da infancia, das olladas a furto e os tímidos desexos da vosa puberdade.

Nas paredes de branco ferido de humedén, nas xanelas, nas portas, pechadas e doentes, bate a túa saudade como bâtegas, mancan as lembranzas choídas con aqueles sorrisos, rostros que levan nomes ou que desacordaches.

Remiras a cantina da estación e recordas, coma se fose agora, que na súa algueirada medraron os afectos, as horas máis alegres, unha felicidade que se constrúe cauta nos ollos e as mans dadas con e contra o futuro.

Nas travesas da vía sangra o ferro e desangras a memoria das horas.

A moza foi muller
e as mans encaleceron con traballos humildes,
a desfacer o lombo con cargas e descargas,
mentres moitos dos soños marchaban nalgún tren.

DIÁLOGO CO ARQUEÓLOGO RAMÓN SOBRINO BUHÍGAS

Cos ollos ben espertos vagaroso camiñas,
Arqueólogo, e furgas co teu bastón de estoque
abrindo novas sendas no mato a cada toque.
Un petróglifo ignoto nas rochas adiviñas.

Cequeril, labirinto de Mogor, As Tenxiñas,
no inculto territorio das cabras e as cabuxas,
ducias de pedras falan, que amas e que debuxas
acariñando os trazos coma nós xoaniñas.

Corpus Petroglyphorum Gallaeciae certifica
nos eidos da sabenza que en Fonseca fai Terra,
na agra do Seminario, o teu labor fecundo.

E do teu lume prendes no teu fillo a muxica
de ler pedras labradas na baldía posguerra
pois ti xa es patrimonio da cultura do mundo.

Foron de noite.
Foron por ti de noite
Como foron por Alexandre. Foron de noite.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

12 DE SETEMBRO DO 36

Xohán Xesús González e os do Terzo de Calo,
que voastes no vento pola cidade vella
a chamada insurrecta da bandeira vermella,
xa non escoitaredes no albor cantar o galo,

xa non escoitaredes das campás o badalo,
xa non escoitaredes terra fértil na rella,
xa non escoitaredes auga limpa na sella,
xa non escoitaredes a tarde no devalo.

Nos muros de Boisaca disparos de fusil
unha ferida voz de sangue fan que agrome
no corazón da terra labrega de Sebil.

Na mudez do epitafio, no silencio sen nome,
a lousa do canteiro é fría en Cequeril,
mais debaixo da pedra xace a razón dun home.

Moncho Bouzas

o camiño entre o millo
é meu
meu é o camiño entre o millo

comparto se descalzas os pés
e chantas as dedas na terra
canda min

a figueira que plantei
é do vento é do sol
a figueira que nos da sombra a nós

catro pés descalzos na terra aliñados

oteo ao longe os edificios da cidade
cada tres ventás unha casa

o meu mundo está aquí
nesta aperta e neste beixo
entre o millo

[*Poemas pendurados das farolas*, V Edición]

Como se a luzna foxe a cinspide da dorloci

o choro ingravido dunha pregaria

luminosa

Ensaladas de Agosto

Que non!
Que non importa nada xa,
nin ti, nin eu, nin as sombras de vimbio.
Nin os gatos derramados no asfalto
Nin os centros comerciais de festivo
Nin as cafeteras italianas
Nin os bailes de fin de curso
Nin as estanterías do Ikea
Nin os poemas, nin os premios
Nin os foguetes, nin as reliquias
Nin os bares, nin os venres
Nin o sabor das ensaladas de agosto.
Todo está lonxe e solitario!
e
en cada planeta un fogar
en cada palabra un vestido
en cada globo un alfiler
en cada noite un enterro.

Whatsapp & Óxido

A xente esperta cun odio de esgrima coral
e namorase nos portos de mar
e come *pizzas* artesananas de polbo marroquí
e comulga barbaridades de papel de prata
e sente os pés fríos na madrugada
e viaxa ao sur das promesas
e aspira a gobernar tsunamis
e escoita a Leonard Cohen ás 06:45 da madrugada
e cultiva café baixo as novelas malditas
e bebe mención nos mediodías de outono
e reponse de sombras do pasado
e escribe poesías de merda
e viaxa a Bruselas en autobús
e morre sen pedir permiso
e rompe poemas de Bukowski
e levanta o peso do mundo en soños
e mastúrbase con Audrey Hepburn descalza
e merca doces hidroxenados no Carrefour
e ve películas en diferido os domingos
e mente no espazo tempo
e engorda
e fuma
e odia
e ama
e adelgaza
e enferma
e morre
e todo volve a empezar
como un puñal na retina,
unha cama partida á metade
ou un bico na noite da festa da Virxe do Carme.

INT/MAÑÁ

Antes de marchar
deixaches unha recua
de globos de cores
xunto as miñas coitelas de barbear.

Foi o acto de terrorismo
máis colorido e triste
do comezo deste outono.

Ursula Heinze de Lorenzo

Coreografía

Son noite e día
son calor e frío
son natureza

morrendo
morta

non son futuro
non son amor
nin corpo
de desexo

son o tempo
que acaba
desilusión e ansiedade
co corazón
cortado en triscos

imaxes de tortura
e tentacións
toques de
pracer e gozo

palabras inconexas
que orixinan dor

son pensamento
sempre
durmo e esperto
con el
e non me deixa

por que?
por me chegar
ó inalcanzable?

son vento e chuva
son natureza
para morrer
con ela

son humidade
contigo
e sen ti
son sequidade
son calma eterna

Xesús Rábade Paredes

REALIDADE MUTABLE

Crear, civilizar, interrogarse,
gobernar con mesura a forza indómita
que causa conmoción, asombro e medo.
Encarar os naufraxios de toda singradura.
Soldar humanidade e natureza
rebaixando a cicel o instinto bruto
do animal primixenio, non domado,
que pulsa sempre dentro.

Non é no fondo onde se xesta a obra
e si na pel latente e renovada,
na cutícula leve que insinúa
o fulcro, corazón que quere darse.
Afirmarse e medrar,
nacer outros, distintos, liberados
do vínculo materno
desaloxando o útero.

A superficie é plasmación do centro,
verdade máis cabal cando se expresa
modelado na pel, un artificio
e compendio de formas.
Nos ollos dos seus dedos,
sente o escultor estremecerse a vida
que se intúe no ferro, na madeira,
na insinuante rocha de granito..
Non hai mensaxe clara nin universo unívoco.
Máis ben todo é cambiante, signo múltiple,
buscando ubicación e expectativa.

O que un día foi lume,
cósmico material cifrado en pedra
ou canto erosionado lambido lentamente
polas ávidas linguas dos océanos,
faise na fantasía figuración, concepto,
trazo definitorio no oficio do obradoiro.

Unha unión de siluetas tremendo solitarias
na friaxe do ferro.
Unha maleta chea de soños e de bágoas.
Unhas mans desgarradas, doridas e implorantes...
Como o drama sen fin dos expulsados.
Como a forma emblemática do éxodo.
Non é pretérito. Nunca foi pasado,
porque o pasado nunca estivo morto.

Intuír, deseñar, facer proxecto,
soñar, domar o soño e temperalo,
organizar, dar luz ao caos de dentro,
luír e harmonizar co don do artífice
ata lograr que o resultado diga:
o ti máis fondo está na superficie.


X. C. Domínguez Alberte

Esculcas nunha palabra
que recolla a harmonía non defraudada
das cores apagadas do outono
levedando entre a airexa das follas
que estremecen o calafrío
da emoción contida de esperanza.
Avanzas con pegadas cautelosas
sobre os eidos
con xeito de deixar na herba
ese matiz fresco e tenro
que agroma eiquí
onde a chuvia maina
enchoupa devagar
o fluído do manancial
dunha levada que nunca devala
a orixe do que somos.

Viracher para a vir
da polvorosa
e xa estois
dentro do velcro.

para

non é difícil o inicio
non he
acontecerado



VOCES DE FÓRA

DOOR
NIA

We're staying in a friend's caravan on the Ards Peninsula, North County Down, in view of Strangford Lough. Strangford, from the Old Norse *Strangr Fjörðr*, meaning 'strong sea-inlet', from the Norse invaders who also left us in their word horde: berserk, sail and ransack; bait, bask, gang and gawk; skill, troll, dirt and dregs; haggle, stagger and sway, and the 'wind-eye' that became the small window through which I watch the clouds of storm Agnes mount over the lough where I swam this morning, or better, stood and got battered by the rolling waves.

The pummelling has left my mood calm as I write. Though this wasn't the case when I assembled these poems. Perhaps from being over-tired, or from having to cross yet another treeless plaza in 40-degree heat, or from the knowledge that our resident ghoul-in-charge will once again light his phallic torch –to which the crowds, moth-like, will be drawn. And yes, just like those moths, will die in the flames they are so attracted to. Or perhaps I chose these poems because what they say needs to be said.

But then, in doing so, I've committed the ultimate error. I'm asking poetry to be anything other than itself; a tiny, crafted memory device of music and lore which can too often sink under the weight of History with a capital H, or Politics capital P; Agendas we saw flapping from every flagpole as we drove up here to the 'wee North.'

In a few short years, the waves I see scudding toward from this caravan will rise up and haul us all beneath the sea. So perhaps best let the poems be poems. Let them read you, because that is what they do. You don't read the poems, they read you; the times you live in, your perceptions and prejudices, your biases and moods. They read you like an open book.

Keith Payne
Portaferry,
Co. Down
September, 2023

Hospedámonos na caravana dunha amiga na península de Ards, ao norte do condado de Down, con vistas ao Lago Strangford. Strangford, do nórdico antigo *Strangr Fjörðr*, significa «gran enseada», por onde entraban os invasores nórdicos. Esta é unha de tantas palabras pertencen á súa horda lingüística e que aínda usamos hoxe en día, coma o é *berserk* (desquiciado), *sail* e *ransack* (navegación e saqueo), *bait* (carnada), *bask* (desfrutar) *gang* (banda), e *gawk* (mirar abraiado); *skill* (habilidade), *troll* (arrastre), *dirt* (terra) e *dregs* (sedimentos); *haggle* (regatear), *stagger* (deixar pasmado) e *sway* (abanear), e o ‘wind-eye’, que tornou a pequena fiestra a través da que podo ver hoxe as nubes da tormenta Agnes cabalgando sobre o lago onde esta mañá puideren nadar, onde puideren tamén meter os pés para agardar estoico na beira o impacto das ondas.

Esta ofensiva da auga calmou o meu ánimo para poder escribir, aínda que esta non era a situación cando escollín os poemas para as «Voces de fóra». Quizais foi porque estaba demasiado canso, ou por ter que cruzar outra praza sen árbores a 40 graos, ou pode que fose porque sabía que o noso fantasma ao cargo, xa case líder absoluto, ía prender de novo o seu fálico facho, provocando que se achegasen á cidade multitudes, coma avelaíñas cara á luz. E si, como lles pasa ás avelaíñas, estas multitudes arderán nas chamas ás que son atraídas. Ou igual é que escollín estes poemas porque do que falan ten que ser contado.

Pero admito que cando fixen as escolla cometín un grave erro. O de pedirlle á poesía que fose algo máis ca iso, poesía. Un pequeno artefacto construtor de recordos a través do lírico, dunha herdanza común que, frecuentemente, acaba afundíndose baixo a Historia con H maiúscula, ou as Políticas con P maiúscula tamén. Intereses e ideas que vimos ondear dende cada mastro mentres conduciamos cara a este *wee North*.

Nuns poucos anos, as ondas que vexo agora axitándose en dirección a esta caravana, elevaranse para arrastrarnos debaixo do mar, así que mellor deixar estes poemas ser só poemas. Deixa que te lean, iso é o que van intentar facer. Ti non les os poemas, son eles o que te van atravesar coa súa mirada para descubrir a túa forma de ver o mundo, os teus prexuízos, nesgos e estados de ánimo. Os poemas len ás persoas coma libros abertos.

Keith Payne
Portaferry,
Co. Down
Setembro, 2023

(tradución ao galego de Jorge Rodríguez Durán)

MARY O'MALLEY

The Rat

I am hunted, hated, feared.
they revile my children
Set cats and small dogs
To torture me. I too am born.
I too live and do little harm.
I only eat what is left.
They hate me because
I am the late-night traffic
In their sleeping heads.

I am a child of the river
And lake. Not even the monk
Gave me one good deed.
He let the otter rescue
The holy psalter for Ronan.
I could have done that.

They sent me out among the junkies
And rubbish sacks, into the gaol cells.
I will be here when the seas rise
And cover their carcasses.
!ere will be ravens feasting
On the next hill. Hating. Still hating.

I wanted none of it, their curses
Or their rows, or their bloody gods.

A rata

Perseguida, temida e odiada.
Aldraxan os meus fillos
e poñen gatos e cans pequenos
para que me atormenten. Eu tamén nacín.
Tamén vivo e causo pouco estrago.
Aliméntome só de sobras.
Sei que me odian porque eu
son o trafego nocturno
nas súas cabezas durmidas.

Son unha filla do regato
e da lagoa. Nin sequera o monxe
me ofreceu unha boa acción.
Deixou que a lontra rescatase
o salterio sagrado para Rónán.
Eu podería facelo.

Botáronme entre os drogadictos
e ás bolsas de lixo, ás celas das prisións.
Estarei aquí cando o nivel do mar
cubra os seus corpos mortos.
Haberá corvos a recrearse
sobre o outeiro. Odiando. Odiando sempre.

Non quixen nada diso, nin as súas maldicións
nin as súas pelexas, nin os seus malditos deuses.

(Trad. Isaac Xubín)

MICHAEL LONGLEY

After Amergin

I am the trout that vanishes
Between the stepping stones.
I am the elver that lingers
Under the little bridge.
I am the leveret that breakfasts
Close to the fuchsia hedge.
I am the stoat that dances
Around the erratic boulder.
I am the skein of sheep's wool
Wind and barbed wire tangle.
I am the mud and spittle
That make the swallows' nest.
I am the stonechat's music
Of pebble striking pebble.
I am the overhead raven
With his eye on the lamb's eye.
I am the night-flying whimbrel
That whistles down the chimney.
I am the pipistrelle bat
At home among constellations.
I am the raindrop enclosing
Fairy flax or brookweed.
I am waterlily blossom
And autumn lady's tresses.
I am the thunderstorm
That penetrates the keyhole.
I am the sooty hailstone
Melting by the fireside.
I am the otter's holt and
The badger's sett in the dunes.
I am the badger drowning
At spring tide among flotsam.
I am the otter dying
On top of the burial mound.

Ao xeito de Amergin

Eu son a troita que se perde
entre os pasais de pedra.
Eu son o meixón que resiste
baixo a pontella.
Eu son o lebracho que almorza
preto da sebe de fucsias.
Eu son o armiño que baila
ao redor da rocha informe.
Eu son a madeixa de la de ovella
ensarillada no arame de espiño.
Eu son a lama e o cuspe
que dan forma ao niño da andoriña.
Eu son a música de seixos
do chasco rabipinto.
Eu son o corvo altivo
co ollo no ollo do año.
Eu son o mazarico noitébrego
que asubía na boca da cheminea.
Eu son o morcego no firmamento,
na casa entre as rexións de estrelas.
Eu son a pinga de choiva
que cala o liño ou pimpinela.
Eu son a flor da ninfea
e as orquídeas que nacen en espiral.
Eu son o trebón de auga
que penetra polo burato da chave.
Eu son a sarabia chamiza
que se derrete a carón do lar.
Eu son a toba da lontra
e a paleira do teixugo nas dunas.
Son o teixugo que afoga
nas crebas das mareas vivas.
Son a lontra que morre
deitada enriba do túmulo.

(Trad. Isaac Xubín)

SIMON Ó FAOLÁIN

An Fál

Cré, luifearnach is crainn
snaidhmthe i ngrá na gcianta,
spéir mar bhabhla bunoscionn
cuireann cosc ar aon chlaochlú
nach dó rithim fháis an chrotail.

Fé cheannbhrat an fháil
tá beocht is bás ag plé –
díospóireacht mhall mar eidhneán
ag dreapadh stoc fuinseoige,
díospóireacht mhear an dalláin
ag cur bioráin a fhiacra
go doimhin i bpéistín teann.

Buann an bás inniu,
buafaidh beocht amárach,
ciorclaíonn siad a chéile
mar iomrascálaithe,
ó mhíorúilt an chéad cille
do thánaig as neamhbheocht.

I gcóras ríomhaire casta,
giotán san áit cheart
gach uile duilleog ann,
gach smut caonaigh ar na clocha,
gach pána geal i sciatháin
snáithide an diabhail.

Tá fuar agat a díchódú,
ní féidir í a thuiscint,
caithfear a bheith sásta
meabhar choimhthíoch a bhraistint.

A sebe

Árbores, chan e follaxe
entrelazados no amor das idades,
o ceo como unha cunca envorcada
evitando calquera cambio que non sexa
a velocidade e o ritmo dos liques a medrar.

Baixo o dosel da sebe
debátense a vida e a morte:
un debate lento como a hedra
agatuñando polo tronco dun freixo,
un debate rápido como a musaraña afundindo
as agullas dos seus dentes
no corpo dun verme gordo.

A morte vence hoxe,
a vida vencerá mañá,
dan voltas unha enriba da outra
como se estivesen a loitar,
dende o milagre da primeira célula
que emerxeu do inanimado.

Neste complexo sistema,
un byte no seu lugar correcto
son todas e cada unha das follas,
cada pequeno coxín de musgo nas pedras,
cada panel brillante
na ala dunha libélula.

Non se pode descodificar,
non se pode comprender,
só podemos aspirar a sentir
esa razón estraña.

(Trad. Isaac Xubín)

Sen medo: ante un

sembrar freixo ou valentes

un o 2

Emma Pedreira, *Libro das mentiras*,
da serie *Autonavegación*, 2023

GRACE WELLS

Dear Holdridge

Holdridge, I'm writing to tell you your toad is dead.
Remember the delight of giving that frog your name,
the pride you felt coming out of Carillo to find
those thousands of black and orange backs glinting like a river
in the Costa Rican sun? Who could have known
that such a day would come: searches of its last
remaining habitat have failed to turn up one.
Holdridge, I'm sorry to tell you, your toad is gone.

Holdridge, don't feel singled out, Bory's white bat,
Buhler's rat and Pemberton's mouse are perished too,
and Schomburgk's deer, that roamed the swampy plains
of Laos is only now a flitting ghost. Holdridge,
you're a man who surely understands the rational,
scientific mind – is it moved? Can you weep
for the Red River turtle, whose race, having survived
two hundred million years, is now reduced to just four beasts?

Holdridge, would it grieve you to hear the Golden toad,
and the Harlequin, are also now extinct?
We've lost the Arabian ostrich and the Barbary lion,
Black rhino are vanished from Cameroon,
Bali and Tasmania have hunted down their final tigers,
Zanzibar its leopard, while in China the Yangtze river
flows a polluted, aquatic coffin, where fishing nets
have drowned the last Baiji dolphin.

Holdridge, I wonder could you offer us any small advice,
for they're saying the number of people on planet earth
is set to rise to nine billion in the next forty years,
they're sure the climate's changed, that topsoil's
being washed away at an alarming rate, and because
it takes a thousand litres of water to make two pints of milk,
our lakes and rivers are running dry. Holdridge,
tell me, how many more species will need to die?

Forgive the outburst, Holdridge, as I said,
I was only writing to tell you that your toad is dead,
a strangely purposeless amphibian, mute, deaf,
much of its life was lived with its head beneath the sand.
Likewise, that Baiji dolphin was ever an imperfect creature,
possessed of small eyes and reduced sight, it rested
in the slow current at night, and left us nothing but recordings
of the sound it made, a warning whistle,
audible beyond the watery grave.

Benquerido Holdridge

Holdridge, escribo para dicirche que o teu sapo morreu.
Recordas a emoción ao bautizar o sapo co teu nome?
Lembras o orgullo que sentiches ao saír de Carrillo e atopar
o milleiro de lombos negros e laranxas que brillaban coma un río
baixo o sol de Costa Rica? Quen podería imaxinar
que chegaría un día así: fracasaron
os esforzos para atopar algún no seu último hábitat.
Holdridge, sinto ter que dicircho, o teu sapo morreu.

Holdridge, non te sintas especial, tamén desapareceron
o morcego branco de Bory, a rata de Buhler e o rato de Pemberton,
tamén o cervo de Schomburgk, aquel que percorría as
pantanosas chairas
de Laos é agora unha pantasma que deambula.
Holdridge, ti es un home que comprende o pensamento
científico e racional – conmóveste? Podes chorar
pola tartaruga do Río Vermello, cuxa raza, que sobreviviu
douscentos millóns de anos, redúcese arestora a catro exemplares?

Holdridge, aflixírate escoitar que o sapo dourado
e o arlequín xa están extintos?
A avestruz árabe e o león de Barbaria están perdidos,
o rinoceronte negro desapareceu de Camerún,
cazaron Bali e Tasmania os seus derradeiros tigres,
Zanzíbar o seu leopardo e mentres, en China, o río Yangtzé
flúe coma un cadaleito de auga contaminada,
onde as redes de pesca afogaron o último golfiño Baiji.

Holdridge, pregúntome se poderías aconsellarnos,
porque din que o número de persoas no planeta terra
aumentará a nove mil millóns nos próximos corenta anos,
están seguros de que o clima cambiou, de que o manto da terra
está a ser arrasado a un ritmo alarmante
e porque cómpren mil litros de auga para dar dúas pintas de leite,
os nosos lagos e ríos están secando. Holdridge,
dime, cantas especies máis necesitarán morrer?

Perdoa o arrouto, Holdridge, como che dixer,
só escribía para dicirche que o teu sapo morreu,
un anfibio estraño sen finalidade concreta, mudo e xordo,
viviou gran parte da súa vida coa cabeza metida na area.
Do mesmo xeito, o golfiño Baiji foi sempre unha criatura
imperfecta,
cos ollos pequenos e a visión reducida, descansaba
na lenta corrente á noite, e non nos deixou máis que gravacións
do son que emitía, un asubío de advertencia,
audible máis alá do sartego de auga.

(Trad. Isaac Xubín)

PADDY BUSHE

Buddha Considers the Baraois

The *baraois*, they tell me it's called here,
Or used to be called, the sudden gleam

Of mackerel shoaling under a full moon.
A phosphorescent swelling. Here, then gone.

Used to be called, they say, because now
There are no fishermen watching for signs

And there's nobody now, they tell me,
Who walks the cliffs at night and knows

How to look for it, or even knows the word.
And I think of those high places I have been

Where nobody now listens for, or knows
The word for that tiny flow of meltwater

From the slope above, that means the snow leopard
Has paused awhile, and silently passed by.

Buda contempla o baraois

Dinme que aquí se lle chama *baraois*,
ou que adoitaba chamarse, ao brillo súpeto

dos bancos de xardas baixo unha lúa chea.
Un caudal fosforescente. Alí, e logo marcha.

Que adoitaba chamarse, din, porque agora
xa non hai pescadores na procura de sinais

e agora non hai ninguén, dinme,
que camiñe polo cantil á noite e saiba

como buscalo, ou que saiba sequera a palabra.
E penso neses lugares altos nos que estiven

onde ninguén sabe escoitar, ou que coñeza
a palabra para ese pequeno fluxo de auga derretida


desde a parte alta da aba, que nos di que o leopardo das neves
parou durante un anaco e despois pasou calado.

(Trad. Isaac Xubín)

Ou o que é o mesmo: tã dentro o teu fã

Ou o que é o mesmo: o mal

ta
esta
feito



O exilio

Si

exist

co



chamar-se
estricto

retorno. O outro

Emma Pedreira, s/t,
da serie Autonavegación, 2023

MOYRA DONALDSON

Return

*Why are the horses so long without coming,
And let me suffer so much*
— Kaspar Hauser, the wild child of Europe

Like the viola d'amore, our heart strings lie
below the heart strings of the horse
so that we harmonise through resonance,

and there is truth that lives outside of time
in vivid dream; Raskolnikov's little sorrel beast,
the boy who kissed her dying eyes and lips,

memory perhaps, of when we were not the centre
of the universe, the locus of its consciousness,
not master, owner: we could yet set down the axe.

Vaslav Nijinsky dances the war in Saint Moritz
in front of the aristocrats; he dances frightening things.
Finished, he declares: the little horse is tired.

Nietzsche, weeping in the Piazza in Turin, weeps
for the beaten horse, the beaten self: Sing me a new song.
If I could remember where the bones were buried,

I would dig them up, the wings of scapulas, the skulls of air,
the golden saddle cloths; reconstruct the horses,
the black horse and the white horse and the horse of fire.

Retorno

*Por que hai tanto tempo que non veñen os cabalos
e me deixan con este sufrimento*

— Kaspar Hauser, o fillo salvaxe de Europa

Como a viola de amor, as cordas do noso corazón están
baixo as cordas do corazón do cabalo,
de xeito que harmonizamos a través da resonancia,

e hai unha verdade que vive alén do tempo
nun vívido soño; a pequena besta alazá de Raskolnikov,
o mozo que bicou os seus ollos e labios moribundos,

a memoria quizais, de cando non eramos o centro
do universo, o locus da súa conciencia,
nin amo, nin dono: aínda podíamos pousar a machada.

Vaslav Nijinsky baila a guerra en Saint Moritz
perante os aristócratas; baila cousas aterradoras.
Ao rematar, declara: o pequeno cabalo xa está canso.

Nietzsche, saloucando na Piazza de Turín, chora
polo cabalo apancado, o eu apancado: cántame unha nova canción.
Se puidese lembrar onde están soterrados os ósos,

desenterraríalos, as ás das escápulas, as caveiras de aire,
as roupas douradas das monturas; reconstruiría os cabalos,
o cabalo negro, o cabalo branco, o cabalo de lume.

(Trad. Isaac Xubín)

DOIREANN NÍ GHRÍOFA

Baleen

When I turned thirteen, I left behind my girlish dress.
Mother frowned, still in her mourning gown and beads of jet.
She sent servants to the city to choose clothes for me,
petticoats of coarse horsehair and cotton crinolines,

all the creaky constructions that cage
our bodies – corsets, hoops, layered
skirts, petticoats – how well hidden,
our hearts. I grew new smells like periwinkles.

Now, each morning, a girl assembles my second skeleton
piece by piece, suspends it over my narrow person,
tightens the corset of whalebone that constricts
the curve of my ribs.

She shrinks me. I watch her as she tugs the stays.
I want her to touch my face.
Her fingers are fast, deft
as she pulls belly to backbone, tightens my breasts.

I tell her that though we call it whalebone, corset-stays
are made of baleen, a whale's mouth-bristles splayed
to dredge fish from vast saltwater sprawl.
She does not reply. I tell her that yesterday, I saw

a whale beached in crumpled newsprint,
men pointing, puzzling over how to dispose of it.
I don't tell her about my dream, dozens of ladies
unclothed, dashing over the shore in bare feet

to roll in the monstrous mouth of a whale and twist
themselves through baleen and whales-spit.
In the dream, we stood together, she and I, with candles
in each hand that cast shadows into ocean blackness.

My room seemed so much darker when I woke, alone.
Dark as a mouth, the wardrobe hung open.
Inside, the corsets gleamed,
white and silent as teeth.

Barbas de balea

Cando cumprín os trece anos deixei os vestidos de nena.
A nai engurrou o cello, aínda co vestido de loito e doas
de acibeche.

Enviou criados á cidade para escoller a roupa,
vulgares enaguas de crin e crinolinas de algodón,

todas as construcións estridentes que enclaustraban
os nosos corpos – xustillos, aros,
enaguas e saias a capas – que ben agochados,
os nosos corazóns. Naceron en min novos olores como minchas.

Agora, cada mañá, unha moza ensambla o meu segundo esqueleto
peza a peza, suspéndeo sobre a miña persoa estreita,
aperta o corpiño de balea que contrae
a curva das miñas costelas.

Ela encólleme. Miro os seus ollos mentres tira das correas.
Quero que me toque a cara.
Os seus dedos son rápidos, hábiles
ao empurrar a barriga contra a columna, ao apertar os peitos.

Dígolle que, malia chamalas ósos de balea, as correas dos corpiños
están feitas de barbas, as barbas da boca dunha balea estendidas
para sacar peixes da vasta extensión de auga salgada.
Ela non responde. Dígolle que onte vin

unha balea varada en papel de periódico arrugado,
homes sinalando, cavilando sobre o mellor xeito de desfacerse dela.
Non lle falo do meu soño, ducias de damas
espidas, correndo pola ribeira descalzas

para acabar na monstruosa boca dunha balea e retorcerse
a través das barbas e cuspe do animal.
No soño, estabamos xuntas, ela e mais eu, con candeas
en cada man que proxectaban sombras na escuridade do océano.

O meu cuarto semellaba moito máis escuro cando espertei, soa.
Escuro como unha boca, o armario estaba aberto.
No interior, os corpiños relucían,
brancos e silenciosos coma dentes.

(Trad. Isaac Xubín)


Unais afentado

do coração



a melancolia e a misericórdia,

Si, incarnados no azul



!non misericórdia coa morte.

MARK ROPER

Sleeping with the Kingfisher

Its appearance in the bed wasn't surprising.
Giraldus said a dead one kept linen fresh.

No, what surprised was the size of the thing
and the way it hugged me close to its breast.

To feel its bill run the rule down my spine.
To be enfolded in sapphire wings. Surprising.

How much more so to wake and find myself ablaze,
my heart the blue seed in a blossom of flame.

Durmindo co picapeixe

A súa aparición na cama non foi o sorprendente.
Giraldus dixo que un picapeixe morto mantén as sabas limpas.

Non, o que me sorprendeu foi o tamaño do becho
e o xeito en que me apertou contra o peito seu.

Sentir o seu peteiro ao longo da miña columna.
Estar envolto en ás de zafiro. Sorprendente.

Moito máis espertar e atoparme en chamas,
o meu corazón a semente azul no interior da lapa.

(Trad. Isaac Xubín)

THEO DORGAN

The Question

When the great ships come back,
and come they will,
when they stand in the sky
all over the world,
candescent suns by day,
radiant cathedrals in the night,
how shall we answer the question:

What have you done
with what was given you,
what have you done with
the blue, beautiful world?

A pregunta

Cando regresen os grandes barcos,
e abofé que volverán,
cando pousen no ceo
ao redor do mundo enteiro,
soles candentes durante o día,
á noite catedrais radiantes,
como responderemos á pregunta:

Que foi o que fixestes
con aquilo que se vos deu?
Que foi o que fixestes
co azul, fermoso mundo?

(Trad. Isaac Xubín)

Todos os poemas están sacados do libro *Un Edén diferente/A Different Eden. Eco-poetry from Ireland and Galicia*, editado por Keith Payne, Lorna Shaughnessy e Martín Veiga. Un volume que contén a obra de 38 poetas que escriben en galego, irlandés ou inglés, coas súas respectivas traducións a cargo de Keith Payne, ao inglés, e Isaac Xubín, ao galego.

EDITOR:

Keith Payne é poeta, tradutor e editor. Publicou sete traducións de poemarios e tamén dous propios, *Broken Hill* (Lapwing, 2015) and *Building the Boat* (Badly Made Books, 2023). Foi Escritor Residente do programa John Broderick 2021-2022, e Eco-poeta Residente na Biblioteca Pública da cidade de Cork en 2022-2023, ademais de conseguir a bolsa de literatura do Arts Council de Irlanda / An Chomhairle Ealaíon no 2022. Comisaría o Intercambio poético Aodh Ruadh Ó Domhnaill. A súa tradución do coñecido poemario de Luísa Castro, *Baleas e baleas*, publicarase proximamente na editora irlandesa Skein Press.

TRADUTOR:

Nado na Coruña no verán de 1978 e residente en Sheffield, **Isaac Xubín** é poeta, novelista e tradutor. É licenciado en Filoloxía Galega e cursou un máster en política e planificación lingüística. Como profesor e investigador escribiu un dicionario Galego-Éuscaro e ensinou Lingua e Cultura galegas na University College Cork. Escribe a súa tese de doutoramento sobre as relacións entre a literatura galega e a gastronomía. A súa primeira novela, *Non hai outro camiño* (2016), foi premiada co Premio da Crítica Española na categoría de Narrativa en Lingua Galega.



Para que me ca



me meinfluen. Para que

me meinfluen

cría.

POÉTICAS

DOOR
NOVA

Antón Lopo

Arritmias / sibilancias / pirriquios

Escoitaba as arritmias do corazón da miña nai [os fragmentos do prolongado silencio] e a sibilancia dos seus bronquios [a asma]. Así sentín por vez primeira o mundo.

Aos sete anos escribín uns poemas que chamaron a atención no colexio [Escolapios]. O director chamou os meus pais porque estaba convencido de que mos ditaban. «Non son propios da súa idade» [creo que lles dixó]. A miña nai encolleuse de ombros, «o meu marido e mais eu sabemos apenas escribir». Conscientemente [talvez] ocultoulle que ela era unha experta contadora e desde ese día, os profesores miráronme con certo asombro.

Na nosa familia había unha rama [os Xarifas] con formación e lecturas [raiz socialista e vocación de galeguismo]. Canda eles pasaba os veráns e no meu noveno cumpreanos regaláronme *Os soños na gaiola* de Manuel María, na edición de Cartonajes Anmi. A súa lectura permitíume ordenar o caos lingüístico circundante [a diglosia] e descubrir no idioma que me envolvía o don da escrita, o seu halo máxico e lúcido [trascendental]. Todo o que vía e escoitaba estaba reflectido nese idioma.

Medrei e pasaron moitas cousas, entre elas os poemas que aprendía de memoria e os libros que devoraba. Impactado por *Poeta en Nueva York* de Lorca [caiu casualmente nas miñas mans aos doce anos] pregunteille ao profesor de literatura [o padre Urbano, un home que nos lía os versos con sonoridade andaluza] se algunha vez [nun hipotético futuro] sería posible que unha persoa [lectora de poesía, incluso] tivese problemas para recoñecer a rima dun soneto [*a súa sonoridade, o equilibrio social que establece, diría agora*]. O propio padre Urbano nos explicara que a lírica grecolatina carecía de rima e que a súa métrica se desenvolvía mediante sílabas longas e breves [denominados pés], indistinguibles xa para nós. Tratábase dunha métrica que se volvera fabulosa [igual que os dragóns ou as fadas], con denominacións tan extravagantes como o pé proceusmático [unha palabra

case impronunciable, a máis estraña que oíra]. Durante un tempo, senteime ante o espello do armario dos meus pais e ensaiei como se recitaría o pé procelesumático [tratábase ao parecer dun ritmo militar, moi violento].

Anos máis tarde, a sintaxe abriume fontes de canles múltiples [Hjelmslev, Chomski ou Rojo] e intentei esculcalas desde o modificador clausal e a defunción das subordinadas [a eclosión do colectivo]. Logo, de súpeto, como nunha viaxe de experimentación e ontoloxía, caín na pócima extraordinaria da performance. O poeta desapareceu e converteuse [simultaneamente] en acción, corpo, tempo, espazo e significado do poema [interesábame descubrir as estratexias que deslindan o poema do sinal sonoro, a independencia do sonoro fronte ao significado ou os mecanismos do significado para sobrevivir á presión do son].

Agora o que fago é andar [a importancia do verbo].

Brais Lamela

Escribir como quen segue un rastro

Escribir coma quen segue un rastro. Desgústanme as dúas gastadas metáforas coas que explicamos o proceso de escritura: o compás e o mapa. Nada máis paralizante que saber onde queremos chegar, nada menos interesante que coñecer o camiño. Un rastro é ambiguo, animal ou vexetal, intanxible, está en todas partes, cando nos achegamos desaparece, acódenos no entresnoño e outras formas liminares da consciencia, resístese a facerse visible, si, mais tamén a desaparecer.

Escribir coma quen habita un cuarto de aluguer, coa cautela de quen se recoñece entre a clase dos non propietarios. Escribir coma quen dorme na cama de outros, coma quen fisga nuns andeis alleos (nunca temos tempo de rematar os libros nas casas dos demais), coma quen non busca o esgotamento das cousas. Comezar libros nos ordenadores compartidos das bibliotecas públicas, rematalos en casas estrañas mentres os propietarios dormen. A escritura é como a flor do verso de Alice Oswald, of no property.

Escribir coma nunha lingua estranxeira, contra a superioridade de quen se sabe falante nativo dun idioma de poder. Cando aprendemos unha lingua estranxeira escribimos co medo no corpo, sabedores de que cada palabra pode agochar un significado oculto, pero iso é así sempre, en calquera lingua: tamén as palabras familiares nos traizoan. Escribir coma quen acode ao dicionario, coma quen se apropia dunha expresión allea sen coñecer o seu significado, coma quen non distingue entre escoitar e oír.

Escribir nunha lingua que non é a nosa, nun lugar que non é o noso, seguindo o rastro de non sabemos que: velaí un tímido manifesto camuflado como poética.

nuoi veibo. O meu nome fala do cama pro estor-

Martijo an petahan da uina vobeta conxelada.



As asan i tan dha inach devesado ao sol. Cada

ulha dan hóm p'xinaí. Crepito como u lhué

SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 8 AFRA TORRADO
[reparei en que non lembro o teu corpo xa]
[non comparto os vosos códigos]
[avemaría purísima sin pecado concebida]
- 11 ALFONSO BECERRA DE BECERREÁ
Ula
- 12 ALEXANDRE NERIUM
[Vexo o mar arborar. O mar relasca]
[Varar por mor da luz de Mar de fóra]
[Amar amor o mar na soidade]
[Non hai solaz no mar]
- 17 ALMUDENA OTERO VILLENA
Poema desarraigado
Muller espida
- 20 ANTÍA OTERO
[A lebre que corre polo sangue]
[Cada fotograma rexistra o esforzo animal por unir]
[Miras o teu corpo ermitán na primeira luzada]
- 23 BALDO RAMOS
Cruce de camiños

- 26 BRANCA TRIGO
Bestiario en seis viñetas
- 29 BRANCA TRIGO & PABLO RODRÍGUEZ
Redimensión
Cal é a forza do teu arco, Xiganta?
- 32 CARMEN DE MILMANDA
ímonos abandonando
- 35 EDUARDO ESTÉVEZ
(tres enumeracións, transcurso e coda para o xadín de caxigueiro)
- 37 ESPERANZA L. MARIÑO DAVILA
Sempre no exilio
- 40 ESTEVO CREUS
Serie: continuos naturais lingüísticos
- 49 FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL
Dixeches
[A andoriña]
- 51 GONZALO NAVAZA
Poeta de acción (de grazas)
Uvas maduras na parra da casa baleira
- 55 HELENA VILLAR JANEIRO
Viaxe e permanencia
- 58 INÉS MOSQUERA
Espiral dourada
- 60 JOSÉ FRANCISCO VARELA RIAL
romperse
[sentirse así]
[tan dentro]
- 64 FRANCISCO ÁLVAREZ ÁLVAREZ KOKI
Elexía o escultor Xoán Piñeiro
- 65 LAURA CAMINO PLAZA
[nós]
- 67 LOIS PÉREZ
A ombros de xigantes

- 68 MARCO BRAVO
[Unha noite de verán, paseando pola praia]
[Vivín alí quince anos]
- 70 MARILAR ALEIXANDRE
leiteira sen nome
saberes insurrectos
- 75 MIRO VILLAR
A Pontragha
Diálogo co arqueólogo Ramón Sobrino Buhígas
12 de setembro do 36
- 78 MONCHO BOUZAS
[o camiño entre o millo]
- 80 SUSO BAHAMONDE
Ensaladas de Agosto
Whatsapp & Óxido
Int/Mañá
- 83 URSULA HEINZE DE LORENZO
Coreografía
- 85 XESÚS RÁBADE PAREDES
Realidade mutable
- 87 X. C. DOMÍNGUEZ ALBERTE
[Esculcas nunha palabra]
- 89 **VOCES DE FÓRA**
- 91 *[We're staying in a friend's caravan ... |*
- 93 MARY O'MALLEY
The Rat | A rata
- 95 MICHAEL LONGLEY
After Amergin | Ao xeito de Amergin
- 97 SIMON Ó FAOLÁIN
An Fal | A sebe
- 100 GRACE WELLS
Dear Holdridge | Benquerido Holdridge

- 104 PADDY BUSHE
Buddha Considers the Baraois | *Buda contempla o baraois*
- 107 MOYRA DONALDSON
Return | *Retorno*
- 109 DOIREANN NÍ GHRÍOFA
Baleen | *Barbas de balea*
- 114 MARK ROPER
Sleeping with the Kingfisher | *Durmino co picapeixe*
- 116 THEO DORGAN
The Question | *A pregunta*
-
- 121 **POÉTICAS**
- 123 ANTÓN LOPO
- 125 BRAIS LAMELA

Este volume da revista
Dorna. Expresión poética galega
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta
Universitaria. Compostela,
outono de 2023



DORNA

